

***CONSELLERÍA DE POLÍTICA
TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS
E TRANSPORTES***

SECCIÓN 08

1. COMPETENCIAS

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes é o órgano da Administración Autónoma de Galicia ao lle que corresponden as competencias e funcións en materia de política territorial, urbanismo, ordenación do litoral, portos, estradas, transportes e comunicacións, e demais obras públicas en xeral , de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia nos termos sinalados na Constitución e demais normativa vixente de aplicación.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes toma como referente básico a idea fundamental de que o territorio é o principal activo de que dispón a sociedade. Un activo que ten algo máis que un valor económico de uso, que non é só un recurso de explotación económica, senón que é o contorno no que os seres humanos desenvolven a súa vida, xerando, polo tanto, con el, unha relación de identidade, unha relación emocional que nos obriga a protexelo, a ordenar con mimo o seu uso e a transferilo, se é posible, en mellores condicións das que nós o temos herdado.

A política territorial para Galicia abordará de xeito global o desenvolvemento dun territorio ordenado, buscando fortalecer 3 tipos de relacións: a necesaria interrelación entre as cidades, a vinculación entre o medio rural, o ámbito periurbano e o mundo urbano, e a coordinación entre as administracións municipais, supramunicipais e autonómica. Deste xeito poderemos planificar e ordenar con criterios de sostibilidade ambiental, económica e social os usos do territorio e os investimentos en infraestruturas.

Para que o sistema territorial cumpra a súa función é preciso que as infraestruturas e o transporte artellen axeitadamente o territorio unindo o sistema de cidades, permitindo as comunicacións dentro das áreas metropolitanas e das rexións urbanas, conformando eixes de comunicación entre as grandes cidades e as cidades intermedias e facilitando o acceso ao medio non urbano. Todo iso, para que as cidades desenvolvan a súa potencialidade para espallar a innovación polo territorio, contribuíndo a xerar actividade económica e mellorando a calidade de vida.

O apartado a. do artigo 4 do Decreto 232/2005 do 11 de agosto polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia establece na Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, os seguintes órganos superiores:

1. Secretaría Xeral.
2. Dirección Xeral de Urbanismo.
3. Dirección Xeral de Obras Públicas.
4. Dirección Xeral de Transportes.

Así mesmo segundo dispón o apartado b) do mesmo artigo quedan adscritos á Consellería:

1. O Ente Público Portos de Galicia.
2. Xurado de Expropiación de Galicia, cuxa presidencia terá rango de director/a xeral.

A Dirección Xeral de Urbanismo exerce as funcións que a vixente Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia lle encomenda á Administración Autonómica: a dirección da política urbanística, o establecemento de directrices de ordenación do territorio, a aprobación dos instrumentos de ordenación urbanística nos supostos establecidos nesta lei, o control da legalidade sobre a actividade urbanística, a tutela dos intereses supramunicipais, actuar por subrogacións nos supostos establecidos na mesma, así como as actuacións de mellora de contornos urbanos, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de grandes equipamentos urbanos.

A Lei 10/1995, de 23 de novembro de ordenación do territorio de Galicia, atribúe á Xunta de Galicia a competencia para formular, tramitar e aprobar os instrumentos de ordenación do territorio previstos na lei.

Así mesmo, en materia de ordenación do litoral corresponde á Dirección Xeral de Urbanismo a programación, dirección e control da política de ordenación do litoral.

A Dirección Xeral de Obras Públicas é o órgano responsable de impulsar, xestionar e coordinar as políticas atribuídas á Consellería nos ámbitos da planificación, financiamento e construción de estradas e, en particular, exerce as funcións atribuídas

pola Lei 4/1994 de estradas de Galicia, de regulamentación, proxecto, construción, conservación, financiamento, uso e explotación das estradas con itinerario comprendido integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que non sexan de titularidade do Estado.

A Dirección Xeral de Transportes exerce, entre outras, as seguintes funcións: ordenación, control e inspección dos transportes mecánicos por estrada, ferrocarril e cable, e dos servizos relativos a actividades de transporte marítimo que se realicen entre portos ou puntos da Comunidade Autónoma; outorgamento de autorizacións para o transporte público, discrecional e privado; programación e planificación dos distintos tipos de transporte; programación de investimentos, obras e instalacións relacionadas cos transportes.

O Ente Público Portos de Galicia foi creado por Lei 5/1994, do 29 de novembro, como entidade de dereito público para o desenvolvemento e xestión das funcións que en materia de portos da Comunidade Autónoma se lle atribúen pola citada lei, que en resumo son: a construción, conservación, mellora, ordenación, administración e explotación das obras, actividades e servizos portuarios, así como a planificación das zonas de servizos e as súas futuras ampliacións, o fomento global da actividade económica no ámbito dos portos que dependen da Comunidade Autónoma, e das actividades industriais ou comerciais directamente relacionadas co tráfico portuario, a xestión da explotación das instalacións portuarias e demais bens adscritos o seu patrimonio, o fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico en materias relacionadas coa explotación e a construción portuaria.

O Xurado de Expropiación de Galicia foi creado no artigo 232 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, como órgano colexiado permanente da comunidade autónoma especializado nos procedementos para a fixación do prezo xusto na expropiación forzosa, cando a administración expropiante sexa a comunidade autónoma ou as entidades locais do seu ámbito territorial. A súa composición foi regulada polo artigo 7.2 da Lei 15/2004 de modificación da Lei 9/2002, e o seu funcionamento polo decreto 223/2005, do 16 de xuño, que establece a organización e funcionamento.

Os reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos nas materias da actual competencia da Consellería son os seguintes:

1. Transporte: o Real decreto 212/1979, do 26 de xaneiro, transfire, entre outras, competencias en materia de transporte, relativas a concesión, autorización, explotación e inspección dos servizos de transporte por estrada e cable, do establecemento e explotación das estacións de vehículos públicos de viaxeiros e mercadorías, sobre establecemento e organización dos ferrocarrís e tranvías cando non teñan ámbito nacional e non estean integradas en RENFE. O Decreto 5/1979, do 22 de febreiro, asume e asigna estas competencias á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.
2. Urbanismo: o mencionado Real decreto 212/1979, transfire á Xunta todas as competencias atribuídas á Administración do Estado pola Lei sobre réxime do solo, ordenación urbana e disposicións regulamentarias, no que afecte o ámbito territorial da Xunta. Asumidas e asignadas polo Decreto 5/1979, do 22 de febreiro, as funcións e servizos son traspasadas polo Real decreto 2424/1982, do 24 de xullo, e asumidas e asignadas polo Decreto 130/1982, do 4 de novembro. Tales competencias comprenden todas as relativas ás ordes normativa, organizativa, resolutiva, consultiva e de calquera outro xénero atribuídas á Administración do Estado polas disposicións vixentes nas citadas materias.
3. Inspección e sanción dos servizos de transporte: o Real decreto 2299/1982, do 24 de xullo, transfire á Comunidade Autónoma funcións en materia de inspección e sanción do transporte por estrada e trolebús, afectos as competencias que lles corresponden. Asumidas e asignadas polo Decreto 129/1982, do 4 de setembro.
4. Portos: polo Real decreto 3214/1982, do 24 de xullo, transfírense competencias, funcións e servizos en materia de portos relativas a titularidade de todos os portos e instalacións portuarias existentes nos territorios da Comunidade Autónoma que non teñan interese xeral, realización das obras nestes e outorgar concesións e autorizacións para o uso e aproveitamento dos bens transferidos. Asumidas e asignadas polo Real decreto 167/1982, do 1 de decembro. Como xa se indicou a Lei

5/1994, do 29 de novembro, crea o ente público Portos de Galicia. En virtude da reforma da Lei 27/1992 de portos do estado e da mariña mercante operada pola Lei 62/1997 ostenta as competencias para nomear a presidentes e vocais dos consellos de administración das autoridades portuarias xestoras dos portos de interese xeral emprazados na Comunidade Autónoma.

5. Estradas: o Real decreto 3317/1982, do 24 de xullo, modificado polo 2708/1983 do 21 de setembro, traspasa funcións e servizos do Estado en materia de estradas relativas a titularidade e xestión destas, como así mesmo as competencias do Ministerio de Obras Públicas en estradas provinciais e municipais. Competencias asumidas e asignadas a esta consellería polo Decreto da Xunta de Galicia 156/1982, do 15 de decembro.
6. Estudos de ordenación do territorio: o Real decreto 3564/1983, do 8 de outubro traspasa as funcións de realizacións de estudos e investigacións do ámbito local e autonómico en materia de ordenación do territorio e urbanismo realizadas ata o momento polo CEOTMA, asumidas e asignadas polo Decreto 53/1984, do 23 de marzo.
7. Ordenación do litoral e vertidos ao mar: o Real decreto 659/1985, do 17 de abril, traspasa as funcións relativas á formalización, tramitación e aprobación dos plans de ordenación do litoral, ademais das de autorización, instalación e inspección de obras e instalacións de vertidos contaminantes nas augas do litoral. Asumidas e asignadas a esta consellería mediante o Decreto 252/1985, do 28 de novembro.
8. Transporte marítimo: o Real decreto 1641/1996, do 5 de xullo dispón o traspaso de funcións e servizos relativos a actividades de transporte marítimo que se realiza exclusivamente entre portos ou puntos da comunidade, sen conexión con portos doutros ámbitos territoriais. Asumidas e asignadas á Consellería de Política Territorial por Decreto 338/1996, do 13 de setembro.

2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2006

Os créditos que o proxecto de orzamentos pon a disposición da consellería e dos seus organismos autónomos destínanse a exercer as competencias e funcións descritas anteriormente; a súa análise, detallando obxectivos, accións e actividades, expónse no epígrafe 3.1 desta memoria, baixo a denominación de distribución funcional por programas de gasto.

Pola súa especial incidencia pódense destacar os seguintes obxectivos e liñas de acción:

2.1 DA CONSELLERÍA

1. De carácter xeral:

- A) Impulsar no vindeiro ano un Plan de infraestruturas de transporte elaborado a partires da necesidade de concretar e priorizar de xeito realista, os prazos, a dotación orzamentaria e as fórmulas de financiamento daquelas infraestruturas que, dentro das nosas competencias, contribúan a mellorar o benestar dos cidadáns da nosa comunidade, que se complementen de xeito ordenado coas actuacións que realizan no noso territorio outras administracións, en particular a Administración central do Estado. O plan integrará actuacións que actualmente están en marcha e incorporará novas actuacións que contribúan a acadar os obxectivos establecidos, nun horizonte temporal que se acomode de xeito realista ás posibilidades orzamentarias da nosa comunidade e aos prazos necesarios para a correcta execución das distintas fases dos diferentes proxectos.
- B) Redacción dun Plan de portos de Galicia para definir e poñer en funcionamento o Sistema portuario galego, dándolle a cobertura legal necesaria coa redacción e aprobación da primeira Lei de portos de Galicia.

- C) Aposta decidida polo transporte público para conseguir unha disociación significativa entre o crecemento do transporte e do PIB, en particular mediante o cambio modal dende a estrada ao ferrocarril, ao transporte marítimo e ao transporte público de viaxeiros.

2. En materia de urbanismo:

Os obxectivos que se propón acadar son os seguintes:

- A) Converter o territorio nun factor protagonista da competitividade e da igualdade e, polo tanto, nun axente activo de desenvolvemento económico e cohesión social.
- B) Impulsar o papel das áreas metropolitanas, rexións urbanas e semiurbanas como ámbitos para a planificación autonómica.
- C) Planificar a ordenación do territorio e do urbanismo cos principios da Unión Europea.
- D) Colaborar con todos os concellos de Galicia para que se doten dun instrumento de planeamento propio e adecuado ás súas peculiaridades urbanísticas.
- E) Desenvolver a mellora dos contornos da convivencia social no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, mediante intervencións de mellora en edificios e espazos de relación e comunicación social.
- F) Xestionar de forma máis eficiente os recursos públicos locais e autonómicos investidos nas áreas urbanas e metropolitanas.
- G) Desenvolver regulamentariamente a lexislación urbanística e ditar criterios orientadores da acción planificadora municipal.
- H) Evitar as actuacións contrarias ao planeamento urbanístico, en especial nas áreas mais sensibles do territorio.
- I) Preservar a riqueza do medio rural e dos seus recursos potenciando a diversificación de actividades económicas e rendibilización dos seus asentamentos tradicionais.
- J) Poñer a disposición da sociedade un contorno construído de calidade e respectuoso co medio.

Seguiranse as seguintes liñas de acción:

- a) Fomentar a formulación e execución de instrumentos de planeamento urbanístico municipal en colaboración coas entidades locais.
- b) Artellar os medios instrumentais (cartografía, estudos, etc) precisos para acadar niveis axeitados de calidade nas intervencións territoriais.
- c) Promover a execución de equipamentos, nas principais cidades e comarcas, en colaboración coas corporacións locais afectadas, mediante unha selección encamiñada a aumentar a súa rendibilidade social.
- d) Promover, mediante axudas a entidades locais, a execución de actuacións puntuais para acondicionamento e/ou rehabilitación de espazos e edificacións públicos de relación social.
- e) Impulsar a creación da Axencia de protección da legalidade urbanística de Galicia, como ente público consorcial (Comunidade autónoma/concellos) encargado de executar as funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo
- f) Potenciar os labores de inspección urbanística como garante da legalidade das actuacións sobre o territorio, en especial sobre os solos protexidos.
- g) Impulsar a formulación do Plan territorial integrado do litoral para crear as condicións para un uso sostible do litoral galego e o mantemento e mellora das súas condicións paisaxísticas e ambientais.

3. En materia de construción e conservación de estradas.

- A) Estructurar o territorio galego mediante unha rede de estradas que integre tódalas comarcas e equilibre a dotación de infraestruturas en todo o territorio, poñendo especial énfase na optimización das infraestruturas xa existentes e que permita converter o territorio nun factor de competitividade e de igualdade.
- B) Poñer en marcha actuacións para a eliminación dos tramos de concentración de accidentes e mellorar as condicións das vías, a sinalización e a execución de sendas peonís, co obxecto de acadar a máxima seguridade viaria e a diminución dos accidentes e as vítimas.

- C) Executar un Plan de conservación, así como as actuacións puntuais que sexan necesarias, que permita manter en condicións óptimas a rede viaria, acadando a optimización da infraestrutura existente e mellorando a seguridade viaria.
 - D) -Afondar na execución de infraestruturas de transporte interno nas áreas metropolitanas e de acceso a estas e ás principais cabeceiras de comarca.
 - E) Desenvolver as actuacións en materia de estradas que se recollan no Plan de infraestruturas do transporte que desenvolva a consellería, coordinadas coas actuacións do Estado en Galicia no marco do PEIT.
4. En materia de ordenación e inspección do transporte.
- A) Apostar por un esquema de desenvolvemento baseado no concepto de mobilidade sostible sustentado en dúas grandes liñas de actuación:
 - a) Política infraestrutural que vertebre o territorio e poña as bases para a aplicación de políticas de priorización do transporte público.
 - b) Implementación de plans de transportes que propicien o desenvolvemento integral do transporte público e a complementariedade e sinerxías dos distintos modos de transporte
 - B) A redacción de externalidades negativas do transporte con medidas de discriminación positivas e, cando sexa preciso, de restrición das opcións que produzan esta clase de efectos.
 - C) Creación de instrumentos que permitan integrar en redes coordinadas e complementarias as infraestruturas de transporte.
 - D) Deseño das medidas que propicien, nos contornos periurbanos, a superación da barreira que, para o transporte público, supón en termos de custo e de perda de tempo a necesidade de utilizar varios medios e/ou modos de transporte.
 - E) A estes efectos, defíniranse as medidas de coordinación e priorización que exploten as complementariedades de redes urbanas e interurbanas, as políticas tarifarias tendentes a promover o transbordo entre medios de transporte e, sobre todo, as medidas de fomento do transporte público colectivo fronte á mobilidade privada.

- F) Aposta decidida pola loxística do transporte tanto dende a dotación de infraestruturas como do apoio aos operadores de transporte.
- G) Adoptar políticas máis activas para garantir un marco de competencia leal entre operadores.
- H) A inspección incrementará o seu papel garante de seguridade do transporte e do respecto aos condicionantes do interese público xeral, nas áreas nas que a titularidade do servizo público outorga a Administración un papel máis relevante.

5. Xurado de Expropiación de Galicia.

Durante o 2006 culminarase o proceso de posta en marcha do Xurado de Expropiación de Galicia, coa ubicación e reforma dos locais da súa sede, así como a dotación dos seus medios humanos e materiais, a formación do persoal propio e a designación dos seus membros para proceder a súa constitución e ao exercicio efectivo das súas competencias.

2.2 DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

2.2.1 Entes de dereito público

PORTOS DE GALICIA

Portos de Galicia constitúese, como o principal instrumento para executar as competencias portuarias que ostenta a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Como ente público, exerce as competencias exclusivas sectoriais sobre portos de titularidade da Administración Autonómica.

Asemade, dende o punto de vista competencial, a Xunta de Galicia, en virtude da reforma da Lei 27/1992 de portos do Estado e da mariña mercante efectuada pola Lei

62/1997, de 26 de decembro, ostenta as competencias para nomear aos presidentes e vocais dos concellos de administración das autoridades portuarias xestoras dos portos de interese xeral emprazados na nosa Comunidade Autónoma.

Pois ben, neste marco, iníciase o proceso de redacción dun Plan de portos de Galicia, que integrará os eixes prioritarios que deben inspirar as actuacións deste Ente e que poden ser sintetizados arredor dos seguintes puntos :

1. Revalorización das funcións portuarias tradicionais, potenciando a conexión dos complexos produtivos da pesca e a construción naval ao tempo que se reforza a intermodalidade do sistema integrado de transporte.
2. Potenciar unha concepción multifuncional dos portos galegos, abrindo o seu uso a outras actividades e buscando a súa integración no medio urbano.
3. Integrar os portos galegos dentro de redes portuarias que desenvolvan as súas complementariedades ao tempo que se procura unha relativa especialización. Debe avanzarse cara a unha integración e cooperación dos portos da fronte nordeste peninsular.
4. Que os portos galegos se constitúan como un instrumento que fomente a proxección exterior do tecido produtivo galego, o desenvolvemento integrado do complexo mar-industria e favorezan o desenvolvemento económico do contorno fomentando actividades alternativas como a do turismo.
5. Que todos os programas de desenvolvemento destes eixes se realicen respectando o medio ambiente.

En correspondencia con estes eixes prioritarios, Portos de Galicia establece para o orzamento do ano 2006 os seguintes obxectivos básicos:

1. Mellorar a infraestrutura, equipamento e xestión do sistema portuario da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, de forma tal que se potencie o seu papel como instrumento básico para o desenvolvemento económico, ao tempo que se busca acadar unha maior oferta e calidade dos servizos aos usuarios.

2. A execución de novas obras de infraestrutura portuaria tales como as actuacións en abrigos, accesos marítimos, dragados, etc., así como calquera outra acción que, con carácter de interese xeral, contribúa ao desenvolvemento económico da zona na que se encadran os portos.
3. Mellorar as conexións e enlaces con outros modos de transporte, acometendo os investimentos e obras de acondicionamento que permitan reforzar o grao de intermodalidade do sistema de transporte en Galicia.
4. Potenciación do uso da rede portuaria da Comunidade Autónoma, incentivando a utilización dos servizos portuarios, ao tempo que se fomenta unha certa especialización dos nosos portos en consonancia co contorno no que se integran.
5. Fomento das actividades náutico-deportivas, realizando ou fomentando os investimentos necesarios para dotar os nosos portos das infraestruturas necesarias para a práctica de tales actividades.
6. Integración das infraestruturas portuarias no contorno no que se integran, buscando a adecuación co ordenamento urbano, así como a mellora das condicións medioambientais.

Programas e liñas de acción presupostadas:

O orzamento para o ano 2006, establece as previsións estratéxicas nun horizonte 2006-2009, concretadas nas seguintes liñas de acción:

1. Implementación dunha acción normativa específica para a xestión e administración portuaria de Galicia, conforme ás peculiaridades dos portos galegos e da súa actividade.
2. Como elemento fundamental na consecución dos obxectivos previstos, incidirase na defensa estratéxica do dominio público portuario, dende os aspectos de regulamentación, explotación e soporte de prestación de servizos portuarios aos buques e á mercadería.

3. Como acción vertebradora do conxunto dos obxectivos, liñas de acción e os seus programas, establécense como unha acción fundamental o impulso dos instrumentos de planificación existentes. Neste sentido preténdese a execución dun importante esforzo planificador mediante a elaboración de plans de utilización de espazos portuarios, plans de ordenación de fondeos, plans especiais de ordenación portuaria, así como o deseño de diferentes ferramentas de xestión medioambiental.
4. Como accións encamiñadas a procurar a conectividade da rede portuaria coas restantes infraestruturas industriais e viarias, traballarase na redacción dun plan director de coordinación de infraestruturas, no marco da acción xeral da CPTOPT.
5. Para a consecución dos obxectivos a acadar por Portos de Galicia fíxase como prioridade para o exercicio 2006 a realización das obras de infraestrutura necesarias para incrementar a dotación e as prestacións das instalacións portuarias, buscando con todo iso unha maior oferta e calidade dos servizos.

Todas estas actuacións englobanse no desenvolvemento dos seguintes programas:

1. Programa de infraestrutura xeral. Co fin de mellorar as condicións operativas e de seguridade dos buques, prevese a realización de novas infraestruturas tales como peiraos de uso xeral, diques de abrigo, dragaxes, varadoiros, accesos, e melloras xerais de acondicionamento dos portos. Prevensen obras tales como a ampliación e mellora de contradiques de lámina de auga abrigada, dragaxes con aumento de calados, etc., que permitirán incrementar a seguridade e operatividade da flota que opera nos portos, así como facer fronte á previsión das necesidades futuras de implantación de plataformas loxísticas de medios e infraestruturas de loita contra a contaminación marítima accidental.
2. Programa de infraestrutura pesqueira. Inclúense neste programa todas aquelas actuacións dirixidas especificamente á actividade pesqueira e marisqueira, co fin de mellorar a operatividade e condicións de traballo no sector.

3. Programa de infraestrutura para o tráfico comercial. Este programa comprende aquelas actuacións en infraestruturas destinadas principalmente ao tráfico comercial, buscando unha mellora na súa operatividade e rendemento coa finalidade de atraer novos tráfico.
4. Programa de infraestrutura náutico-recreativa. Portos de Galicia ten establecida como unha das súas prioridades o desenvolvemento da náutica recreativa como medio para a potenciación da actividade turística no contorno dos portos. Deste xeito, propónse o incremento do número de atraques existentes, mediante a construción de novas instalacións, e a mellora das existentes, co obxectivo último de consolidar unha oferta náutica de calidade nas costas galegas. ao mesmo tempo, Portos de Galicia prevé desenvolver actuacións encamiñadas a mellorar as zonas de servizo dos portos deportivos, tanto en accesos e urbanizacións, como na dotación de locais e servizos complementarios.
5. Programa de adecuación ao contorno urbano e mellora das condicións medioambientais. Este programa recolle o desenvolvemento de actuacións no ámbito da integración dos portos nos núcleos urbanos, mellorando a relación porto-cidade e adecuando a fachada marítima das vilas costeiras.
6. Programa de instalacións de carácter xeral e actuacións de conservación. Intégranse neste programa aquelas actuacións relativas aos servizos xerais do porto, que non están incluídas no programa de infraestrutura xeral. Asemade, inclúense neste programa as actuacións de conservación e reparación dos bens que integran o dominio público portuario.

3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2006

3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

3.1.1 Da Consellería

PROGRAMA 332-A. ORDENACIÓN E FOMENTO DA EDIFICACIÓN E O URBANISMO

1. Descrición.

O contido do programa é o desenvolvemento das actuacións necesarias para converter o territorio nun factor protagonista da competitividade e da igualdade e polo tanto nun axente activo de desenvolvemento económico e de cohesión social, e conseguir, mediante as oportunas intervencións de regulamentación sobre os usos do solo e accións de construción de edificacións, unha maior calidade de vida para os cidadáns.

Os seus obxectivos fundamentais podemos resumilos en:

1. Planificar e ordenar os usos do solo con criterios de sostibilidade ambiental, económica e social.
2. Estabilizar o marco lexislativo e afianzar respecto ao territorio e ao medio ambiente urbano e rural.
3. Dispoñer dun modelo territorial axeitado a nosa identidade, mediante a aprobación das directrices de ordenación territorial de Galicia.
4. Impulsar espazos de planificación baseados en modelos territoriais de carácter supramunicipal que comprenda as áreas metropolitanas, rexións urbanas e periurbanas con interrelacións sociais, culturais e/ou de servizos.
5. Racionalizar o crecemento residencial, turístico e de actividades vencelladas co litoral.
6. Planificar o litoral galego para sentar as bases dunha preservación e a rexeneración dos seus valores naturais e medioambientais.

7. Conservación dos núcleos rurais como asentamento poboacional diferenciado.
8. Mellora da calidade do hábitat urbano.
9. Fomentar a xestión pública do urbanismo como criterio xeral reforzando as competencias e colaboración cos concellos.

Para a súa consecución xorden as seguintes necesidades:

1. De ordenación e planificación das actividades humanas sobre o territorio.
2. De implicación de todos os axentes sociais intervintes para lograr, a través da cohesión social, o impulso de xeito decidido aos plans aprobados.
3. De fomento de iniciativas que contribúan a incrementar o interese dos suxeitos implicados para axilizar a xestión e posta en valor do contido dos plans e programas.
4. De actividades de formación e orientación de profesionais e equipos colaboradores para concienciar aos cidadáns sobre a importancia da planificación e ordenación do territorio no benestar e na calidade de vida.
5. Vixilancia do cumprimento programático, para evitar desvíos e/ou outras accións non desexables para o interese xeral.

Os beneficios que se acadarán son:

Un territorio convertido en axente activo de desenvolvemento económico e cohesión social, un maior respecto co medio ambiente e, en definitiva, mellores condicións de habitabilidade e benestar no contorno de relación social dos residentes na nosa comunidade, conservando e mellorando o necesario equilibrio de relación home-natureza.

2. Actividades.

As actuacións máis significativas previstas na liña que se ven de expoñer son as seguintes:

1. Fomento da redacción de figuras de planeamento municipal e supramunicipal e a elaboración de cartografía axeitada do territorio, mediante axudas económicas e colaboracións coas corporacións e/ou outros entes locais da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Elaborar e impulsar a aprobación das directrices de ordenación do territorio de Galicia.

3. Fomentar a elaboración de planeamento sectorial para desenvolvemento e planificación de actuacións, sobre partes do territorio, que pola súas especificades o requiran.
4. Mellorar a calidade do ambiente urbano, mediante a implantación de edificios e outras infraestruturas de equipamentos en lugares estratéxicos definidos en colaboración coas entidades locais e comarcais.
5. Incentivar a dispoñibilidade de planeamento urbanístico municipal, mediante o financiamento da execución de actuacións de construción e mellora do contorno construído, mediante colaboracións cos concellos da nosa comunidade
6. Impulsar a creación da Axencia de protección da legalidade urbanística de Galicia, como ente público consorcial (comunidade autónoma/concellos) encargado de executar as funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo
7. Potenciar e incrementar os labores da inspección urbanística para garantir a legalidade das actuacións sobre o territorio e o solo.
8. Colaborar con órganos e entidades para dispoñer de información territorial actualizada a disposición de todos os cidadáns.
9. Dotar á Dirección Xeral de Urbanismo dos medios e recursos técnicos axeitados para o desenvolvemento das súas funcións.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Urbanismo.

PROGRAMA 411A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICA TERRITORIAL E OBRAS PÚBLICAS

1. Descrición.

É este un programa instrumental de servizos administrativos que ten como finalidade proporcionar os medios materiais, persoais e de organización para o funcionamento dos servizos de carácter xeral incluíndo as actividades realizadas polo Xurado de Expropiación.

2.Actividades.

1. Plan de transparencia e modernización informática da Consellería co que se pretende aproximar a Consellería aos cidadáns, aumentar a transparencia dos seus procedementos e actuacións, así como mellorar as condicións dos traballadores, todo iso destinado ao logro dun maior rendemento e eficacia da acción administrativa. En concreto abordaranse as seguintes actuacións:
 - A) As destinadas a aumentar a calidade, cantidade e rapidez de información dispoñible para os cidadáns.
 - B) Desenvolvemento e implantación de aplicacións informáticas de xestión destinadas a axilizar os procedementos administrativos, tanto no seu ámbito interno, como no de relación cos cidadáns e outras administracións.
 - C) Renovación de equipos de proceso de información e mellora da plataforma tecnolóxica que permitan o correcto funcionamento e mellora dos servizos prestados e incrementar a eficiencia e a eficacia nas actuacións impulsadas pola CPTOPT.
2. Xestión de persoal.
3. Xestión económica e administrativa de carácter xeral.
4. Recursos e servizos xurídicos.
5. Exercicio das competencias propias do Xurado de Expropiación así como os investimentos necesarios para dita finalidade.
6. Inspección técnica.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral de Obras Públicas.

Xurado de Expropiación.

PROGRAMA 413A. ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE TERRESTRE

1. Descrición.

A Dirección Xeral de Transportes, a través deste programa, implementará a política de planificación, dotación de infraestruturas e impulso de políticas de transporte que acaden a definición dunha oferta de transportes axeitada en termos de calidade, frecuencia e custo para todo o territorio de Galicia.

2. Actividades.

1. Transporte ferroviario:

- A) O establecemento de acordos coa Administración Xeral do Estado aos efectos de dotar de infraestruturas de alta velocidade axeitadas ás necesidades de Galicia.
- B) Prover a dotación de estacións para os servizos de alta velocidade que actúen como grandes centros intermodais aunando ao transporte ferroviario o resto de modos de transporte, e, garantindo, a mellora da oferta de transporte de trens que operan no interior da nosa Comunidade.

2. Transporte aéreo e marítimo:

Contribuír ao deseño de políticas que atribúan roles axeitados e complementarios ás infraestruturas portuarias e aeroportuarias para aproveitar as sinerxías que se deriven da especialización relativa e mellorar a súa comunicación no seu hínterland.

3. Transporte de mercadorías por estrada:

- A) Proporcionar aos operadores de transporte dotacións infraestruturais que abarquen dende os máis complexos centros loxísticos ata as áreas de descanso en ruta ou zonas de aparcamento nos polígonos industriais.
- B) Apoio aos operadores de transporte para mellorar a formación e as estruturas empresariais co fomento do asociacionismo e axudas á xubilación anticipada.

4. Transporte de viaxeiros por estrada:

- A) Reducir as externalidades do transporte apostando polo transporte colectivo acadando unha substitución progresiva do uso dos vehículos particulares polos servizos de transporte metropolitano.
- B) Minimizar os custos do transporte no ámbito periurbano evitando a penalización que supón o pago de dous billetes sucesivos mediante a mellora da penetración, implantar a tarxeta única de transporte intermodal e a especialización e complementariedade das redes de transporte urbano e interurbano, coa realización de axeitadas áreas de estacionamento.
- C) Mellora da rede integral de transporte galego mediante a potenciación de intercambiadores que conecten os transportes interurbanos en autobuses coas terminais ferroviarias e aeroportuarias.
- D) Implantación de programas que potencien a seguridade vial e contribúa á cohesión social e á integración de colectivos desfavorecidos a través do transporte de viaxeiros por estrada.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Transportes.

PROGRAMA 413B. CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS

1.Descripción.

Os obxectivos do programa están definidos nos distintos plans de actuacións e destinados á satisfacción de necesidades en materia de infraestruturas de transportes. O plan de referencia será o Plan de infraestrutura do transporte en materia de estradas, que se está elaborando no marco do PEIT do Estado, que en todo caso se encadra nos documentos de referencia para as políticas estruturais da Unión Europea.

O Plan de infraestruturas do transporte englobará as actuacións que vaia desenvolver a consellería en materia de estradas e coordinarase tanto con actuacións de infraestruturas noutras materias e a optimización dos modos de transporte, como coas actuacións doutras administracións, en especial coa Administración Central do Estado. Incluirá as actuacións concretas en materia de estradas recollendo as que corresponden a vías de alta capacidade e actuacións nos eixes vertebradores do territorio como as actuacións en seguridade vial e en conservación. Así mesmo se contemplarán as actuacións específicas nas áreas metropolitanas e nas principais cabeceiras de comarca.

1.Actividades.

As máis significativas dentro deste presuposto son:

1. Extensión e optimización da rede de estradas estruturante do territorio, co obxecto de crear un axente activo de desenvolvemento económico e cohesión social.
2. Actuacións na rede complementaria e secundaria que permitan garantir o acceso de toda a poboación a vías principais de comunicación nun tempo inferior a trinta minutos.
3. Executar as actuacións de eliminación de tramos de concentración de accidentes, mellorar a sinalización e executar sendas peonís que incrementen a seguridade vial.
4. Realizar actuacións de conservación na rede de estradas de acordo co plan de conservación e as necesidades puntuais que precise a rede.
5. Actuacións na rede arterial, variantes, conexións interiores e de acceso das áreas metropolitanas e principais cabeceiras de comarca.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Obras Públicas.

Delegacións Provinciais.

PROGRAMA 414A. CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA

1. Descrición.

Este é un programa instrumental destinado a proporcionar medios materiais e financeiros para o adecuado funcionamento de Portos de Galicia nos termos establecidos na Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do citado ente público.

As transferencias de capital incluídas no programa ascenden a 29.160.544 € transferíndose ao ente a devandita cantidade para o cumprimento dos seus fins.

2. Actividades.

O detalle e a análise das actuacións do ente público quedan recollidos na documentación incluída no apartado 2.2.1 deste documento e con maior amplitude na memoria incluída no apartado entes de dereito público do volume dedicado a sociedades e entes públicos.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Obras Públicas.

Portos de Galicia.

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

		SERVIZOS					
		01	02	03	04	05	TOTAL
332A	ORDENACIÓN E FOMENTO DA EDIFICACIÓN E DO URBANISMO		45.841,8				45.841,8
411A	DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICA TERRITORIAL E OBRAS PÚBLICAS	7.566,2		695,2		849,9	9.111,4
413A	ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE TERRESTRE				33.466,7		33.466,7
413B	CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS			336.867,6			336.867,6
414A	CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA			29.160,5			29.160,5
TOTAL		7.566,2	45.841,8	366.723,4	33.466,7	849,9	454.448,0

(Miles de euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

		CAPÍTULOS					
		I	II	IV	VI	VII	TOTAL
332A	ORDENACIÓN E FOMENTO DA EDIFICACIÓN E DO URBANISMO	4.039,0	269,6		23.725,8	17.807,3	45.841,8
411A	DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICA TERRITORIAL E OBRAS PÚBLICAS	4.944,4	953,1	30,1	3.183,8		9.111,4
413A	ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE TERRESTRE	3.223,3	636,4	5.671,5	9.860,5	14.075,0	33.466,7
413B	CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS	13.168,8	980,0	1.410,0	317.742,5	3.566,4	336.867,6
414A	CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA					29.160,5	29.160,5
TOTAL		25.375,5	2.839,0	7.111,6	354.512,6	64.609,3	454.448,0

(Miles de euros)

Distribución orgánica

01	SECRETARÍA XERAL	2006
Cap. I	Persoal	3.985,8
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	466,5
Cap. IV	Transferencias correntes	30,1
Cap. VI	Investimentos reais	3.083,8
TOTAL		7.566,2

(Miles de euros)

02	D. XERAL DE URBANISMO	2006
Cap. I	Persoal	4.039,0
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	269,6
Cap. VI	Investimentos reais	23.725,8
Cap. VII	Transferencias de capital	17.807,3
TOTAL		45.841,8

(Miles de euros)

03	D. XERAL DE OBRAS PÚBLICAS	2006
Cap. I	Persoal	13.638,4
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	1.205,6
Cap. IV	Transferencias correntes	1.410,0
Cap. VI	Investimentos reais	317.742,5
Cap. VII	Transferencias de capital	32.726,9
TOTAL		366.723,4

(Miles de euros)

04	D. XERAL DE TRANSPORTES	2006
Cap. I	Persoal	3.223,3
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	636,4
Cap. IV	Transferencias correntes	5.671,5
Cap. VI	Investimentos reais	9.860,5
Cap. VII	Transferencias de capital	14.075,0
TOTAL		33.466,7

(Miles de euros)

05	XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA	2006
Cap. I	Persoal	488,9
Cap. II	Gastos en bens Corr. e Serv.	261,0
Cap. VI	Investimentos reais	100,0
TOTAL		849,9

(Miles de euros)

SERVIZO	2006
01 SECRETARÍA XERAL	7.566,2
02 D. XERAL DE URBANISMO	45.841,8
03 D. XERAL DE OBRAS PÚBLICAS	366.723,4
04 D. XERAL DE TRANSPORTES	33.466,7
05 XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA	849,9
TOTAL	454.448,0

(Miles de euros)

Consellería e organismo autónomo

	Consellería	Organis. Autónomos	Transfer. internas	TOTAL CONSOLIDADO
	2006	2006	2006	2006
Cap. I Persoal	25.375,5			25.375,5
Cap. II Gastos en bens Corr. e Serv.	2.839,0			2.839,0
Cap. IV Transferencias correntes	7.111,6			7.111,6
OPERACIÓNS CORRENTES	35.326,1			35.326,1
Cap. VI Investimentos reais	354.512,6			354.512,6
Cap. VII Transferencias de capital	64.609,3			64.609,3
OPERACIÓNS DE CAPITAL	419.121,9			419.121,9
TOTAL BRUTO	454.448,0			454.448,0
TOTAL CONSOLIDADO	454.448,0	0,0	0,0	454.448,0

(Miles de euros)

Sociedades públicas

	2006		
	Explo.	Capit.	TOTAL
PORTOS DE GALICIA	20.527,0	30.974,0	51.501,0

Medios persoais

Consellería

	2006
<i>Altos cargos</i>	10
<i>Persoal funcionario</i>	436
Grupo A	148
Grupo B	60
Grupo C	101
Grupo D	106
Grupo E	21
<i>Persoal laboral</i>	429
Grupo I	4
Grupo II	2
Grupo III	208
Grupo IV	205
Grupo V	10
<i>Outro persoal</i>	11
TOTAL	886